

# Á CARÓN DO CAMIÑO: AS LENDAS DE CIDADES ASOLAGADAS

Víctor Alonso Troncoso  
Catedrático de Historia Antigua  
Universidade da Coruña

Nesta achega quero falar dun ramallo vizoso da árbore secular da tradición oral en Galicia. Voume deter a examinar un xénero de narracións que partillan do zume da lenda e do conto e que teñen medrado e florecido dabondo nestes recantos da vella Europa. Falamos das lendas lagoeirias de cidades ou vilas asolagadas, é dicir, afundidas baixo as augas por mandado do ceo. Esperamos convencer ós lectores da súa importancia non só para o mellor coñecemento da cultura popular galega, do seu folclore, senón tamén para o estudo das relixións e crenzas de Galicia ó longo do tempo, na longa dura da que falaba Fernand Braudel, neste caso dende a protohistoria castrexa e a antigüidade romana ata a actualidade<sup>1</sup>.

Moitos de vostedes teranse decatado de que na beiramar coruñesa, nos treitos entre as rías de Muros e Cedeira, abundan as lagoas litorais, sempre a carón dunha praia, a cuberto dun areal mariño. Perante nos móstrase un fenómeno xeomorfolóxico que os xeógrafos teñen ben tipificado e

---

<sup>1</sup> O mellor traballo sobre as lendas de cidades afundidas en Galicia segue a ser o de Luis Monteagudo, *Palafitos. Problemas y leyendas*, <<Revista de Dialectología y Tradiciones Populares>> 13 (1957), p. 77-136.

que o podemos ver en calquera traballo de xeografía física rexional<sup>2</sup>. Veleiquí unha definición posible da lagoa litoral: «masa de auga illada do mar por unha lingua relativamente estreita de aportes sedimentarios (barras ou cristais). Sitúase detrás da liña de praia e a súa morfoloxía depende das correntes da marea e dos aportes continentais, estando a súa xénese intimamente relacionada coas formacións dunaicas do Würm»<sup>3</sup>. Estamos a falar das paisaxes de augas pechadas ou case pechadas que se estenden ó longo da Costa da Morte, da Terra Bergantiñá e do Golfo Artabro, en concreto as lagoas do Carregal e de Vixán, na punta do Barbanza (ámbalas dúas no concello de Santa Uxía de Ribeira, sendo a primeira con moito a máis abundosa en tradicións); os areais e lagoas de Muro e Xuño (concello de Porto do Son, onde collera tartarugas de mar o Padre Sarmiento); a de Louro/Xarfas (concello de Muros, cunha sona só semellante a súa beleza); a de San Mamede (no concello de A Carnota); a de Baldaio (concello de Carballo); a de Doniños (concello de Ferrol); e a da Frouxeira (concello de Valdoviño). A estas lagoas litorais propiamente ditas convén engadir algúns terreos enlaxados tamén na beiramar, máis precisamente na foz dalgúns regatos e ríos que desaugan no mar vencendo o atranco do lombo areoso da praia: nestas terras baixas, cando a forza da preamar fai recuar á corrente, fórmanse pequenas enchentes ás beiras do rego. Son esas veigas e regas ás que a microtoponimia galega coñece polo seu fitónimo, como <<xunqueira>> (terreo de xuncos: así se lle chama en Caldebarcos, onde morre o

---

<sup>2</sup> Paga a pena botar unha ollada ós volumes XVIII e XIX de I.Rodríguez Iglesias (ed.), *Galicia. Xeografía*, A Coruña 1996, con boas fotos e cartografía costeira: *A Galicia cantábrica, ártabra e fisterrá*, p. 49, 169, 182, 187, 349, 380-81, 387-88, 400, 412, 416-17, 429, 436-37; *Vales do Tambre e do Ulla, Rías Baixas pontevedresas e Baixo Miño*, p. 27, 39, 86-7, 184-85, 424.

<sup>3</sup> C.Ferrás Sexto, *Diccionario galego de xeografía*, Santiago de Compostela 1993, s.v. *lagoa litoral*. O' falar da Frouxeira di A.Pérez Alberti, *El medio físico*, en M.P.De Torres Luna (dir.), *Geografía de Galicia*, vol. 1, p.38: «durante los momentos glaciares, con seguridad durante el Würm, el descenso de las aguas favoreció el arrastre de arena por los vientos más constantes de componente norte. Así, cuando las condiciones climáticas cambiaron, o sea, cuando las aguas continentales comenzaron a fluir, las dunas frenaron su paso, con lo que la Lagoa Frouxeira inició su vida». Para unha refeita teórica da xénese morfolóxica da lagoa, cf. R.C.Lois González, A.Pérez Alberti (ed.), *Ferrol: xeografía dun espacio urbano*, <<Cuadernos Ateneo Ferrolán>> 8 (1992), p. 19-21. Estou en débeda co Prof. Dr. D. José M<sup>a</sup> López Vizoso polas súas orientacións xeográficas.

Valdebois, ou en Ares, perto da ponte da Cascada), como <<canaval>> ou <<canaveiral>> (solo de canas), ou mesmo por un nome parlante de orixe popular, caso de <<marnela>> (en Santiago de Pantín: «a mar nela»). Sen esquecer tampouco os esteiros e as enseadas que debuxan as rías de Cedeira e Ortigueira, eses antollos da natureza que as aves mariñas sobrevoan ca mesma compracencia que senten os ribeiráns ó ceibaren as teimas e os medos do imaxinario colectivo.

Vindo das rías baixas, temos a primeira mostra destas augasmansas na parroquia de Olveira, en Santa Uxía de Ribeira: unha lagoa de moita sona no Barbanza, da que Antonio Fraguas recolleu hai anos a historia: cando pasaba a Virxe estaba no Bretal e os homes blasfemaban, enfadouse e dixo: «non quero Ver Tal» e o pobo foi asolagado<sup>4</sup>. Na banda norte da ría de Muros, en Louro, ó pé do monte homónimo, fica a lagoa de Louro, pechada ó mar pola faixa areosa da praia de Area Maior, duns 75 m. de longo por 45 m. de anchor; mantense cas aportacións dun pequeno arroio e, aínda que en aparencia non ten trato cas augas do Atlántico, participa dos movementos da marea; como nos demais exemplos de lagoa costeira, nela desauga un regato. O folclore de Louro garda lembranza dunha vila afundida da que se escoitan as campás e asemade sinala un grande burato na aba do monte, coñecido como Profundo de Monte Louro, que pola súa banda ten sido xérmolo de moitas lendas. Neste conxunto dáse a dualidade que se repite no imaxinario do pobo galego: lagoa-monte (ou montes arredor). Salientable neste conxunto é tamén a ermida de Santa María Magdalena, nun dos cumios do monte, e ó pé os vestixios de poboados castrexos<sup>5</sup>.

A enseada do Orzán (na cidade da Coruña), segundo recollía Carré Aldao nun artigo de 1931, acendeu nas xentes a crenza nunha antiga poboación asolagada: daquela os veciños aínda crían albiscar entre as areas, en certas datas do ano, vestixios das rúas, das prazas e doutras edificacións, sinaladamente cruceiros e campanarios das igrexas, sen faltar o son das campás<sup>6</sup>. Tendo en conta os cons e rochedos que abundan neste punto da

---

<sup>4</sup> En A.A.V.V., *As augas de Galicia*, Ed. Consello da Cultura Galega 1996, p. 19.

<sup>5</sup> Cf. J.L. Soto, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 19, s.v. *Louro*, Santiago-Gijón 1974, p. 204. Tamén R. de Artaza Malvárez, *La villa de Muros y su distrito*, Pontevedra 1959.

<sup>6</sup> E.Carré, *Del solar coruñés. Tradiciones y leyendas. ¿La Atlántida?*, BRAG (1931), p. 202.

ría coruñesa –conclúe Monteagudo–, por non falar das mareas vivas e do vento e do mar bravo, coidamos desbotable a hipótese de que poidesen existir vivendas naquela franxa costeira<sup>7</sup>.

Debemos a Juan Carneiro un apuntamento semellante verbo da vila de Ares, na ría veciña. Na Xunqueira, como se lle chama ó lugar do encantamento, houbera un pobo que foi asolagado, segundo algunhas testemuñas: trataríase da primeira Ares e da súa casa do concello. Ese xuncal vén ser o típico terreo de lagumeiro, enlago polo regato que salva a ponte da Cascada, a carón da praia de Raso. Non estarán de máis as observacións de Angel González Robatto sobre un feito salientable da xeografía de Ares: «la falta de buen drenaje que dé salida a las aguas y las inundaciones del pueblo son siempre temidas y actúan sobre el temperamento aresano (...); debido al bajo nivel de asentamiento de la villa y a que los pozos están sujetos al mismo regimen de mareas que el Atlántico, el agua del pueblo es de mediana calidad y salobre»<sup>8</sup>.

Tampouco a ría de Ferrol constitúe un baleiro neste percorrido costeiro á percura das cidades fantasmais. O Roxal, entre Xubia e Neda, garda a lenda dunha poboación engulida polas augas, chamada Valverde ou Troia. E ó xacemento castrexo de Ancos estaba xunguido un folclore que agoiraba a fin de Neda: a vila sería engulida polas augas retidas no interior oco do monte de Ancos, cando este chegase a estoupar<sup>9</sup>. Pola súa banda, o concello de Narón ofrece unha doa máis ó colar folclórico das paisaxes alagadas. A pontiga de Portonovo, que é marco de tres termos (antano de tres freguesías e hoxe de tres concellos), ten dado moito que falar: nas noites aluaradas e de augas limpas o rego deixaba enxerga-la torre da igrexa de Portonovo de Valverde, cidade escarmentada pola ruindade dun zapateiro<sup>10</sup>.

<sup>7</sup> Monteagudo, art. cit., p. 103.

<sup>8</sup> *Gran Enciclopedia Gallega*, t. II, s.v. *Ares*, p. 174, 176.

<sup>9</sup> Máis ou menos tal é o fado de Neda nas tradicións orais das súas xentes: ver X.C. Fernández Cañzos (dir.), *Catalogación castrexa da bisbarra de Ferrol*, <<Cuadernos do Ateneo Ferrolán>> 5 (1987), p. 86.

<sup>10</sup> O conto recólleo A. Pena Graña, *Narón, un concello con historia de seu*, vol. I, Santiago de Compostela 1991, p. 53. Ten o interese engadido de se relacionar ca freguesía de Pantín: vide infra.

Sen saírmos de Ferrolterra, a antiga Terra de Trasancos, ouvimos falar doutra Atlántida galega que arrequece de maneira importante o tesouro folclórico desta bisbarra. Unha belida lenda lagoeira, recollida por Carré Alvarellos, memoraba en Doniños o afundimento dunha cidade xentil baixo aquelas augas encoradas pola area<sup>11</sup>. Foi a vinganza do ceo polo tratamento que deron a Xesucristo os pagáns de Valverde, cando o Señor andaba a viaxar polo mundo, desarroupado e doente, e ningún deles quixo darlle esmola, agás unha parella de pobres que o agasallou como mellor poido na súa casopa, fóra da vila, e que por iso salvou de afogar. Na enquisa feita polo Madoz a poboación afundida chamábase Valverde, nome que tamén encontra Luis Monteagudo e que se atopa noutras lendas galegas desta mesma liñaxe<sup>12</sup>. Do labrego caritativo danos Carré Alvarellos o seu nome, Román, antropónimo que ben se xustifica polo feito que a parroquia de Doniños está baixo a advocación de San Román. A teor disto, pódese soste que a lenda amosra asemade unha faciana etiolóxica e haxiográfica, ó propoñer unha explicación á orixe da piedade ó santo patrón. Por outra banda, e cando menos dende o século dazanove, contábase a historia do asolagamento cunha variante, se cadra máis douta, e coidamos que posterior á devandita. Esta segunda versión témola tamén testemuñada por Carré Aldao, e nela dábase conta do nome da parroquia segundo unha etimoloxía errada que fai de *dous nenos / dous neninos* o xérmolo do topónimo *doniños*: os únicos que sobreviviron ó ballón xusticeiro foron unha parella de cativos que quedaron a frotar no berce<sup>13</sup>.

---

<sup>11</sup> L. Carré Alvarellos, *Contos populares de Galiza*, Porto 1968, p. 342, e máis recentemente tamén na escolma de X.M. González Reboredo, *Lendas galegas de tradición oral*, Vigo 1995, p. 138s, 141s.

<sup>12</sup> Pascual Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, t. VIII, Madrid 1850, p. 61; Monteagudo, art. cit., p. 102. Cf. asemade J. Montero y Arostegui, *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*, Madrid 1859, p. 634.

<sup>13</sup> Sobre o verdadeiro étimo, ceais un Dumnios, cf. X.-M. Dobarro Paz, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 9, s.v. *Doniños, Lagoa de*, p. 174. Entre os veciños da parroquia por riba do medio século recórdanse aínda hoxe as dúas variantes da lenda. Pola nosa banda, temos rexistrado outras versións, que agora non imos contar, máis modernas e requintadas, anque tamén de interese para segui-la pista á historia das mentalidades.

A historia de Doniños non deixaría de ser un tema máis do folclore galego, ricaz e imaxinativo, se non fose porque aínda no século pasado Santiago De la Iglesia (Compostela, 1851 - Ferrol, 1931) viu chantóns de madeira nunha banda da lagoa, ó que temos de engadir o achado dunha punta de frecha. O seu inquerito deuno á publicidade nun almanaque da cidade departamental, nestes precisos termos: «flecha de silex tallado, de 49 x 19 milímetros; procede de la margen derecha del lago de Doniños, que fué *indudablemente* estación lacustre: de sus palafitos ví yo dos postes verticales y carbonizados el año 1871, sobresaliendo del fango en el estiaje unos 75 centímetros y sumergidos en el invierno. Hoy no sé si están cubiertos por el aluvión ó destruídos, porque ya en 1874 me fué imposible verlos»<sup>14</sup>. Mágoa que neste apuntamento o estudoso ferrolán, polo xeral moi coidadoso nas súas descrições, non fose aínda máis nidio en canto ó encrave dos esteos. En calquera caso, a nova deste descubrimento do noso anticuario foi tida en conta por Florentino López Cuevillas, quen deu certa sona ó achado de Doniños ca súa inserción na *Historia de Galicia* de Otero Pedrayo, na parte de *Prehistoria*<sup>15</sup>. Pola súa banda, Romero Masiá e Pose Mesura non rexeitan a hipótese de que a lagoa fose «un lugar de habitación da época neoeolítica ou megalítica a xeito de poboado de tipo palafítico, aínda que, de momento, isto non o podemos afirmar con certeza»<sup>16</sup>.

Rexeitamos en calquera caso a tese de Santiago de la Iglesia, na que se reflectía a febre das palafitas nos estudos prehistóricos europeos, e prantexamos a posibilidade de que os devanditos postes fosen os vestixios dun embarcadoiro (na lagoa collíanse anguías non hai moitos anos, entre outros peixes). Desbotamos asemade, ca mesma forza, a hipótese de que os labregos de Doniños erixisen horreos abeirados ó auga e que o visto por De la Iglesia fosen os pés dun canastro, cabazo ou cousa semellante. É verdade que estas construccions estaban fincadas a carón do leito mariño ou fluvial, como en Combarro, a rentes da ría, ou na vila de Betanzos, na marxe do Mandeo. Sen embargo, que nos saibamos, en ningures se construíron os

<sup>14</sup> *Catálogo de la sección de protohistoria gallega de la colección de Santiago de La Iglesia*, en <<Almanaque de Ferrol>>, 1908, p. 60.

<sup>15</sup> Vol. III, 1973, p. 79, n. 210.

<sup>16</sup> *Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol*, A Coruña 1985, p. 20.

graneiros sobre as augas, cos postes mergullados e espetados no fondo. Salientamos o Mandeo porque o caso betanceiro espertou o interese dun investigador polaco que estaba a navegar nas mesmas augas do palafitismo, Eugeniusz Frankowski (1884-1962). No seu libro, *Hórreos y palafitos de la península ibérica*, que ía saír só dez anos despóis do artigo do doutor ferrolán (Madrid 1918), podemos ler: «Algunas veces en un lugar de la aldea se reúnen gran cantidad, asemejándose su conjunto a una aldea palafítica. Una de estas interesantes aglomeraciones existe en Betanzos, provincia de La Coruña, a orillas del Mandeo, donde se ven más de 15 hórreos reunidos, unos de madera, sobre pilares y pilotes, otros sobre cepas y haciendo todos en conjunto un grupo muy pintoresco. Una aglomeración muy parecida existe en el balneario de Molgas, donde todos los hórreos están juntos, situados en una especie de plaza»<sup>17</sup>.

Ca súa pescuda Frankowski abundaba nas concepcións de estudosos españois, como Félix de Aramburu, que sostivera nunha síntese rexional, *Monografía de Asturias* (Oviedo 1899), a orixe palafítica dos hórreos da España septentrional. Anque sen chegar a aprofundar moito nas publicacións galegas do fin de século, o etnógrafo polaco tivo coñecemento das lendas de cidades asolagadas (incluíndo as de Doniños, Neda e Pantín), que daquela xulgábanse todas elas coma testemuños orais que contiñan aínda un xermolo de verdade histórica, a fin de contas, probas e sinais a prol da existencia con anterioridade de estacións lacustres ou mariñas: ós poboados palafíticos recoñecíanselles cadanseu fado e cadansúa lenda na memoria do pobo. Eran autores coma José Villa-Amil y Castro, nas *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* (Lugo 1873), e con máis autoridade o voceiro do galeguismo romántico, Manuel Murguía, na coñecida síntese do polígrafo coruñés, *Galicia* (Barcelona 1888). Aínda que Frankowski non o amenta, porque tampouco o citaron Villa-Amil nin Murguía, neste mesmo ronsel do palafitismo está Leandro de Saralegui y Medina (Tui, 1839 - Ferrol, 1910), que xa en 1871 publicara na Coruña un pequeno traballo, un pouco á laia de ensaio, baixo o título *Pueblos lacustres. Estudios de arqueología*

---

<sup>17</sup> P. 65, e lám. VI, ca foto adxunta, da reed. Madrid 1986.

*prehistórica*<sup>18</sup>. Fronte a unha certa credulidade e ás xeneralizacións dos eruditos galegos, Frankowski mostrábase crítico ó xulgaren as tradicións enxebres de poboacións afundidas coma proba de antigas vivendas nas lagoas e rías, o mesmo que nos lameiros. É de agradecerlle a chamada de atención sobre o que semella un feito xeral da vella Europa e dos pobos eslavos, é dicir, o nacemento de contos e tradicións relixiosas verbo dos lagos: «cuanto se refiere a las leyendas de ciudades sumergidas o aniquiladas, parecidas a la de la leyenda gallega, lo encontramos en Francia [sinalemos nós: a vila de Ker-Is entre os bretons], Alemania y en muchos lugares de Polonia [sen esquecer o país de Gales, ca lenda máis soada de Cantre'r Gwaelod], donde cada lago tiene su leyenda propia, hasta aquellos de los cuales se sabe con seguridad que nunca pudieron tener poblaciones palafíticas»<sup>19</sup>.

A dicir verdade, Frankowski non era o primeiro en salientar a comunidade de crenzas da terra galega ca Romania. Un home culto e aberto coma Murguía xa se decatara destes liames na longa dura dos seculos da protohistoria, primeiro, e da cristiandade medieval, despois, e propuxera algunhas explicacións ós mesmos no seu devantido libro: a orixe destas tradicións cristiás estarían no camiño a Compostela, ó longo do cal se espallaría en Galicia o tema bíblico da cidade asolagada en castigo pola súa maldade. Esta viña ser a súa explicación: «el que se señalen en Galicia tantas ciudades de Valverde destruidas y cubiertas por las aguas, y que a más de una se la denomine Lucerna, creémoslo reminiscencia de los romances de milagros que se compusieron y cantaron a la puerta de la iglesia de Santiago, romances cuya extensión debió de ser grande, por las circunstan-

---

<sup>18</sup> É de xustiza suliñar a precocidade da pescuda de Saralegui no conxunto da erudición non só ferrolá e galega, senón tamén na española en xeral. Cómpre salientarmos, polo interese que ten para nos, o seu libro de síntese *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, 3ª ed., Ferrol 1894, co que non se esgota nin moitísimo menos a súa traxectoria intelectual: pódese ler unha lista das publicacións do tudense no artigo asinado por Vicente Araguas na *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 28, s.v. *Leandro de Saralegui*, p. 76-77. Tamén se nos achega, *Leandro Saralegui e a historiografía ferrolá no cambio de século (XIX-XX)*, en V. Alonso Troncoso (ed.), *Ferrolterra galaico-romana*, Ferrol 1997, p. 203-219.

<sup>19</sup> Ob. cit., p. 100. Goréntanos sinalar a nosa débeda con Fernando Alonso Romero, da Universidade de Santiago, pola provisión de materiais bibliográficos fundamentais sobre a Bretaña e o país de Gales: verbo das «villes englouties» en Francia, cf. Anatole Le Braz, *La légende de la mort chez les bretons armoricains*, t. II, Rennes 1994, p. 7s; en canto ós galeses, cf. T. Gwynn Jones, *Welsh folklore and folk-custom*, Cambridge 1979, p. 97s.



cias especiais de esta romería. Los hemos hallado pertenecientes al ciclo carlovingio y, por lo tanto, suponemos fundadamente que entre ellos habría alguno tomado de aquel pasaje de la *Vida de Carlo Magno*, por el pseudo Turpín, en el cual se cuenta la destrucción de la ciudad de Lucerna, en el Valle Verde. Rodeada de fuertes muros, que le permitieron resistir el poder de Carlos, sólo pudo quedar inhabilitada y deshecha gracias al auxilio de Dios y del Apóstol Santiago»<sup>20</sup>. O' fío desto, Monteagudo sulíñou que o cantón de Luzern (Suiza) é sinaladamente rico en <<aldeas de ribeira>> e que daquela bisbarra poidera provir o nome destas cidades asolagadas<sup>21</sup>.

Pero sigamos en Ferrolterra, nesta ollada á xeografía fantástica da Galicia lagoreira, das gándaras e lagumeiros, das marismas e lagamares. Ademáis de Doniños, o Madoz amenta aínda dous terreos alagados, ámbolos dous no concello de Valdoviño. O primeiro é a lagoa da Frouxeira, á beira da praia do mesmo nome, que ten unha orixe xeomorfolóxica semellante á de Doniños<sup>22</sup>. O *Diccionario* dá a situación e medidas desta lagoa, que a man dereita cara ó mar ten o castro da Frouxeira, pero non recolle folclore algún verbo dela. Tampouco Carré Aldao fará colleita de tradicións memoriais nestas augas, cousa rechamante e cecais sospeitosa. O' mellor xa se perdera o folclore da Frouxeira no século pasado.

Cousa ben distinta témola na parroquia de Santiago de Pantín, neste mesmo concello, que fornece a imaxe folclórica da poboación asolagada nunha lameira semellante ás dúas amentadas de Ares e Caldebarcos. Falamos da Marnela, tamén a carón dun areal mariño, a praia de Rodo. A Marnela ten sido fonte de faladurías e matinacións entre a veciñanza: «la tradición conserva la memoria –di o Madoz– de haber existido allí una ciudad denominada por los romanos Lucerna, pero no se dice la causa de su desaparición»<sup>23</sup>. Co termo Marnela alterna o de A Rega, que é polo que coñecen este lagumeiro os informantes do *Diccionario* e aínda hoxe o emprega o xeógrafo ferrolán Augusto Pérez Alberti<sup>24</sup>.

<sup>20</sup> Ob. cit., p. 43.

<sup>21</sup> Art. cit., p. 100.

<sup>22</sup> Vid. Pérez Alberti, *Gran Enciclopedia Galega*, t. 14, s.v. *Frouxeira*, p. 139-40.

<sup>23</sup> Ob. cit., p. 61.

<sup>24</sup> *El medio físico*, en M.P.Torres Luna (dir.), *Geografía de Galicia*, A Coruña 1986, vol. I, p. 38.

Para os fregueses de Pantín, segundo unha etimoloxía popular, Marnela constitúe un topónimo parlante: está composto por dúas verbas, o sustantivo <<mar>> e a contracción do pronome persoal de terceira persoa, <<nela>>, é dicir, o mar entra na terra, entra nela, e a énche de auga. Os veciños de Pantín por riba de cincuenta anos lembran que nos seus anos mozos a Marnela era un vagantío vizoso, unha braña pechada no inverno ós carros, que se espetaban no terreo lamacente, e no que se ceibaba o gando, antes de se coller a herba no vran, só cando o solo secara. Tampouco esquecen que noutrora, con anterioridade á creación do cámping e de vir o turismo, o lombo areoso da praia –os «marouzós»– non acadara a altitude de hoxe, de maneira que na preamar as augas podían chegar doadamente ata os prados, enchoupando a Rega. Aínda na enquisa feita por nós, no mes de xunio de 1996, as xentes de máis idade retiñan as historias contadas polos seus pais e avós: a cidade asolagada de Lucerna, da que se acharan tellas e campás, e da que se podía enxergar no auga a torre da igrexa (e por iso sinalan un lugar, nas abas do monte, chamado O Forno das Tellas). De acordo con estes supostos achados, os máis vellos de Pantín falan de boa gana da vila de Lucerna, sen que lles falte convencemento no que din, anque cecais a señardade se adiviña no ton dos relatorios. A idea dunha poboación, a de Lucerna, asolagada polas augas na Marnela está fondamente inserida nas tradicións e lembranzas dos labregos e pescadores por riba dos sesenta anos, como se fose un ben máis do avoengo. A nosa informante de máis idade (86 anos, nada en 1910) repetíunos unha cantiga que aprendera dos seus pais: «Un domingo pola tarde, na vila de Lucerna, xuntáronse vintecinco, pra unha fonte de carne». A sonda destas vilas prodixiosas, de nome culto e latino (*lucerna* = lámpara, candil), recóllea un mestre da literatura galega, Alvaro Cunqueiro, e vémolaa inserida na mitoloxía de *Merlín e familia*: lémbrense vostedes da serea grega dona Teodora, que coa coita pola morte do seu namorado «quería pasar a un mosteiro distas féminas que hai asolagado na lagoa de Lucerna».

Un feito que non debemos desprezar é que pola banda sur da Rega ínzan as casas do Castro, o barrio que herda o nome dun xacemento castrexo hoxendía case non recoñecible, aínda que rexistrado e cheo de folclore: os do lugar din que antigamente estiveron os mouros e que deixaron agochado

un cabrito de ouro<sup>25</sup>. Pero máis falador aínda sobre o cerne pagán da lenda lagoreira, no cadro xeral do culto as augas, antóllasenos o artellamento dun espacio sagro e bieito á beira mesma da Marnela: trátase da capela de San Martiño, que se érgue onde o lagumeiro comeza a se estreitar na valiña do Rodo, e que celebraba a festa en novembro —e agora en setembro, «pra que non lles choiva»—. Na crenza das xentes de Pantín hai unha irmandade estreita entre a igrexiña e o pozo inesgotable que está perto dela, no devandito regato, o chamado Pozo de San Martiño (ou tamén dito en castelán, de San Martín). A crenza que se impuxo no imaxinario dos fregueses desta parroquia vén ser a seguinte, sempre por invocación ó testemuño de terceiros: a imaxe do santo, do San Martiño, sacárona do pozo, que por iso leva o seu nome; o goio é insondable, pois ninguén lle ten atopado o fondo —un veciño contounos, cheo de credulidade, que o seu irmán e o seu tío non poideran dar ca profundidade empregando unha cana de pescar percebes, duns oito metros—.

O termo Lucerna é de orixe culta, erudita, o mesmo que a crenza nunha poboación romana, imaxe allea que ven se inserir no folclore enxebre dos mouros. A mesma análise se impón no caso de Ancos, como refiren Romero Masiá e Pose Mesura: «seguramente por contaxio dos eruditos, eiquí xa nos atopamos cos romanos a carón dos coñecidos mouros»<sup>26</sup>.

Non é cousa de espraiaarnos neste relatorio de lendas lagoeiras: trátase dun conxunto apaixonante no que cecais aínda se poderían apañar moitas máis informacións e variantes en toda a redonda de Galicia, incluíndo as rías de Cedeira e Ortigueira e todo o treito norte da costa lucense<sup>27</sup>.

\* \* \*

---

<sup>25</sup> Na *Catalogación* castrexa feita polo Ateneo Ferrolán atopamos folclore sobre esta Lucerna de maneira moi tanxencial, ó falar no oitenta e seis unha veciña de 55 anos sobre o castro de Casianes, non moi lonxe da Marnela: «No Rodo había unha vila de Lucerna, que se afundira, e agora pasa un río onde divide Pantín de Valdoviño... Dícían que o castro [de Casianes] era dos mouros e tamén dos románs, aínda que tamén estiveron os fenicios... Hai unha coviña no coto...» (p. 102) -testemuña de cores eruditas, a teor dos cultismos inseridos nas explicacións.

<sup>26</sup> Ob. cit., p. 86.

<sup>27</sup> Un relato das lendas no interior de Galicia en Monteagudo, art. cit., p. 112s, 116s.

Se agora esculcamos esta morea de materiais, folclóricos e máis arqueolóxicos, chegamos ó convencemento de que o lendario sobre a lagoa de natureza marabillosa compón un cadro coherente e significativo. Non hai dúbida sobre a finalidade de catequese que alenta nestas narracións de fondo contido relixioso, cando non haxiográfico: é unha mensaxe cristiá que fala do premio celestial, a prol dos que teñen fame e sede de xustiza, dos que exercitan a virtude da caridade, dito doutra maneira, dos pobres e humildes, fronte a fartura dos mantidos e xurafaces, que simbólicamente se están a identificar co trastempo precristián, cos pagáns e cos mouros, e cecais tamén cos *baluros*, ou ben con algún oficio de mala sona, sempre zapateiros (en Doniños unha veciña que estaba a traballar a terra, duns cincuenta anos, díxonos: «seica era unha vila de zapateiros a que se afundira», e foi un zapateiro o que en Narón «fendeulle a Deus un ollo»). Dende o punto de vista da socioloxía das mentalidades, bótanse en falla os enfrontamentos entre os grupos sociais, as queixas por senreiras e liortas entre as parroquias ou vilas, a condea dos privilexiados da sociedade (reis e bispos, nobres de moita fachenda, fidalgos, labregos ricos, foreiros, cregos, etc., que non saen á escena). No fondo latexa a crenza evanxélica da unidade entre os fillos de Cristo, mentres que o termo de comparanza de cores negativas se sitúa fóra da propia comunidade, porén, máis alá de calquera posibilidade de loita interna. Trátase do rabaño de crentes que vive na paz e na unidade da igrexa de Xesucristo, acubillado e xa resgardado dos perigos deste mundo. O prexuízo contra os zapateiros (que son artesáns, non labregos) parécenos unha faciana merecente de se ter en conta nestas narracións, xustamente porque nelas sobrancea a solidariedade dos fregueses, da parroquia galega, no camiño salvador do Evanxeo<sup>28</sup>.

Pero ó noso xuízo non se esgotan con estas primeiras consideracións os estratos e compoñentes destes contos e lendas tradicionais. Tamén salientable nos parece:

---

<sup>28</sup> De moitísimo relevo parécenos a unidade parroquial, no senso de comunidade, na acollida e desenvolvemento destas lendas: aproveitará unha ollada ás páxinas de J.R. Bertrand, R.C. Lois González, *Espacio, territorio e relixión*, en M.V. García Quintela (ed.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago 1996, p. 547 s. Polo demáis, non se nos agacha a crítica máis ou menos subliminal ós poderosos da terra que podería estar a proxectarse no espello pagán.

Primeiro: o contrapor de maneira inconsciente a cualidade de alto (protexido, sagro, limpo ou purificado) e de baixo (incerto, insondable, potencialmente perigoso, sempre a piques de ficar cuberto e afundido); dito doutra maneira: fronte a lagoa encaixada nun val ou nunha chaira, os montes e moreas ó seu redor; fronte a paisaxe alagada, as abas e o cumio protexidos das augas ceibadas para o escarmiento dos mortais; a terra enchoupada ou enlagada e a terra firme poboada. Unha dualidade espacial que, se a xulgamos dende o punto de vista da fenomenoloxía relixiosa, non semella suxeita ás barreiras doutrinais, cronolóxicas ou xeográficas das crenzas, senón que parece pertencer ó miolo intanxible do pensar relixioso. En calquera caso, na mentalidade popular que se está a reflectir nestas lendas hai un entendemento do espacio que coidamos non moi afastado do pensamento mítico, dito en termos máis históricos, que ten fondas raigañas medievais (Le Goff) e antigas (H.Frankfort). Non hai que ser moi espelido para se decatarse de que unha das categorías que está no alicerce da intelixencia mítica, a de polaridade (Lloyd), artella as valoracións espaciais das nosas lendas. Consoante con esto, é o feito de que non se impón un concepto abstracto do espacio, coma mero sistema de relacións e funcións (infindo, continuo e homoxéneo), senón que se cre na discontinuidade dos ámbitos espaciais, cas correspondentes asociacións cualificativas (positivas, negativas, neutrais, etc.).

Segundo: o tema do pozo inesgotable, verdadeira teima no imaxinario da cultura popular galega. Na imaxe de fondura incerta e dalgunha maneira perigosa que está a manter a personalidade fantasmal da lagoa xoga un papel moi salientable a presenza dun pozo inesgotable: témolo en Louro (O Profundo de Monte Louro), en Lagostelle (O Pozo da Campana), en Maside (San Martiño do Lago), en Brandomil (O Pozo Limideiro), e máis na lagoa de Antela (O Pozo de Pedra, O Pozo da Meiga), etc; polo que fai a Ferroltera, está testemuñado nos casos de Doniños e Pantín. Non esquezamos que na Bretaña a cidade de Ker-Is se viu afogar cando a filla do rei Gradlon abriu a tampa dun pozo<sup>28b</sup>.

---

<sup>28b</sup> O tema do pozo está ben ancorado na teoloxía cristiá, cando menos dende a idade media: pódese ver o grande relevo que acada na escenografía dantesca do *Inferno*, na *Divina Comedia*, a imaxe do cono invertido rematando nun pozo profundo no que habita Lucifer. Por outra banda, un seguidor de G. Dumézil, *Mito y epopeya, III. Historias romanas*, México 1996, p. 21s, 39s, 59s, 67-8, suliñará os paralelos indoeuropeos: o pozo de Nechtan, o lago dos Montes Albanos, etc.

Terceiro: os sinais castrexos, romanos ou de caste antiga á beira da lagoa ou na súa contorna. Estes achados, feitos polos mesmos veciños ou ben polos arqueólogos modernos, enchen aínda máis o lendario local cas imaxes engadidas de mouros e segredos propios dos castros. É unha mestura de cousas máis ou menos vellas, cas consabidas tellas e fornos de tellas, campás, torres de igrexas, cruces de ferro, trabes e madeiros, tesouros, etc. O lugar do Castro en Pantín érguese por riba da Marnela, co conto aínda vivo do cabrito de ouro; a Croa de Fontá, na aba dun monte de forte pendente, arriquece cos seus vestixios o folclore da lagoa ferrolá. Recollen Romero Masia e Pose Mesura: «os camiños anteditos relaciónanse coa cercana Lagoa de Doniños que se domina perfectamente dende o castro e poñen en relación tradicións de ámbolos dous lugares»<sup>29</sup>. No folclore de Ancos é a cobiza do ouro agochado no monte o erro que podería ceibar as augas retidas no seu interior.

Cuarto: a presenza dunha capela perto da lagoa, proba e testemuño da cristianización da paisaxe asolagada, recordo arreo da protección que a Virxe e os Santos exercen a prol dos fregueses fronte as forzas soltas nun medio para elas propicio e axeitado ó exercicio da maxia; un elemento pois encantado ou enfeitizado (O Pozo da Meiga, en Antela), en calquera intre ameazante, como o ten sido sempre a auga, na longa dura das crenzas do pobo galego. Capelas témolas na Marnela, para San Martiño; na lagoa de Cospeito, ca vila afundida de Valverde, para a Virxe do Monte; en Louro, para Sta. María Magdalena; por non falar de San Martiño do Lago. No caso da cidade asolagada de Boedo, en San Xoán de Lagostelle (Guitiriz, Lugo), o son das campás foi esconxurado por un crego: veleiqué a proba da loita entre a cristiandade e as antigas divindades pagás, que están vencidas, pero non mortas (coma os Titáns da mitoloxía grega no Tártaro). Déixennos recordar ós lectores que no mesmo Santiago de Pantín se ten mantido ata hoxe unha corrente de superstición arredor da Fonte de Frádigas, no lugar homónimo desta parroquia: se alguén ía beber auga a certas horas da noite, aparecíanselle as ánimas, que non deixaban pasar a ninguén polo camiño da fonte (como lle ocorreu ó pai dun informante noso: viu as ánimas dun morto na compañía do seu fillo). É porén un conxunto coherente de culto ás augas na tradición galega.

---

<sup>29</sup> Ob. cit., p. 28.

En principio, tamén aquí batimos co mesmo problema que temos ó estudar ós cultos hídricos en xeral de Galicia no tempo, é dicir, a cuestión da súa antigüidade e orixes. Se tivésemos que sinalar o miolo destas lendas lagoeirais, o compoñente máis antigo, nos sinalaríamos dende logo a natureza máxica e perigosa destas augas pechadas, leito e cadaleito de mortos que dalgunha maneira están aínda a se comunicar connosco, medio auguento no que están a rexer seres sobrenaturais. Para nos a existencia acuática trátase tamén neste caso dun estrato primixenio que, sen dúbida, temos de poñer en relación co mundo castrexo, cas crenzas célticas sobre as forzas que habitan e gobernan nos mananciais, nos ríos, nas fontes, nas caldas.

Non é cousa doada catar ata o fondo nestas augas poboadas de forzas segredas e misterios, entre a borra deixada pola historia das relixións. Haber, hainas en Galicia de tódalas castes: augas santas, augas milagreiras, que son as bieitas, augas termais e curandeiras, augas prexudiciais e feiticeiras, augas anovadoras e purificantes, sen esquecer as augas xudiciais e vingadoras. Noso traballo non pode afondar nesta linfa mitolóxica: remitímolos ós dous ensaios dun mestre da etnografía galega deste século, Fermín Bouza Brey: *Ritos impetratorios da choiva en Galiza: a inmersión dos «sacra» e os vellos cultos hídricos*, lido primeiramente en 1956 (no que por certo fala tamén da devoción ferrolá á Virxe de Chamorro, dona taumatúrxica e hidrófora cunha capela erixida a carón dunha pena abaladoira, cecais unha antiga anta natural); e asemade o seu discurso de ingreso na Academia Galega, *La mitología del agua en el noroeste hispánico* (p. 31), que apareceu en Vigo, no ano 1973<sup>30</sup>. Chéganos agora con

---

<sup>30</sup> Na primeira das investigacións, que reapareceu na súa compilación *Etnografía y folklore de Galicia (1)*, Vigo 1982, p. 231, o autor coñece moitas das paraxes do imaxinario galego que nos ocupan, asociándoas abertamente ás crenzas memoriais da terra: «A pesar de no ser el noroeste peninsular país de lagos, se conservan en los pequeños y escasos que existen tradiciones animistas de vida bajo las aguas que sólo queremos enunciar, pues su estudio daría considerable extensión a esta síntesis. Doniños, Carreira, Lucerna, Antela son lugares donde la tradición señala ciudades sumergidas, considerándose por el pueblo que están encantados bajo sus aguas los que moraban en el lugar sumergido en castigo de sus pecados, como en la laguna de Maside, por no querer sus habitantes recibir a la Virgen María o a otro personaje santo que arribaba caminando a su tierra». De interese é tamén J.A. Fernández de Rota, *Cosmología popular gallega*, en C. Phillip Kottak, *Antropología*, McGraw-Hill, p. 404 s.

suliñar unha tese que se ten por certa e probada na prehistoria e etnoloxía de Galicia: o culto ás augas provén ó menos da protohistoria castrexa.

A imaxe da cidade afundida, polo contrario, antóllasenos máis nova, ensarillada no imaxinario enxebre por cregos, mestres ou viaxeiros no percurso da cristianización, un proceso que chega ata a idade moderna, con indubidables intencións de catequese. Antes que na Biblia, a vinganza do ceo por asolagamento está testemuñada na epigrafía babilonia (a lenda do sumerio Ziusudra constitúe o padrón literario da historia de Noé), e tamén na mitoloxía grega (Deucalión e Pirra), da que Platón recolle os materiais para a súa alegoría filosófica da Atlántida. En realidade, trátase dun tema universal. Cecais, como sostivo Murguía, o Camiño Xacobeo foi a vía grande pola que na idade media chegou da Romania a imaxe catequética da cidade asolagada. Imaxe na que, por certo, rexorde a lei da responsabilidade colectiva nas concepcións penais, de orixe prerromana e xermánica: «por un malo, Dios destruye un pueblo» –conclúe o conto de San Xoán de Lagostelle<sup>31</sup>. Rechamantes cores fríncicas retiña dende logo a lenda do Carregal, a teor do que escoitaron nos anos vinte López Cuevillas e Bouza Brey:

«Na Lagoa de Carregal, que se olla ó pé do monte, está asolagada a cidade de Malverde (Valverde), onde había mouros que foron desbotados por Carlomagno e os doce Pares de Francia e mais Oliveros, e nunha peneda do monte hai unha patada do cabalo de Roldán, dada cando éste pediu, despois do sol posto, unha hora de día para derrubar ós inimigos. E é dende entón, que, despois do sol posto, hai unha hora de luz. Por fronte do Río do Mar presentouse, e disto pasaron xa moitos anos, un barco que preguntou pola cidade de Malverde, e como lle dixeran que tiña desaparecido había tempo, ergueu velas e marchou»<sup>32</sup>.

<sup>31</sup> Esta análise aleuta de arqueoloxía xurídica débemola tamén a Monteagudo, art. cit., p. 114-15. Cf. V. Alonso Troncoso, *Banquete, hospitalidad y regalo en la poesía épica española*, Hispania LII/3 (1991), p. 864 s, para outras aplicacións da mesma norma.

<sup>32</sup> González Reboredo, ob. cit., p. 134. Para rematar, dúas verbas de agradecemento: ó Prof. José Leira pola súa invitación e á Prfa. Laura Tato polas correccións ó texto deste artigo. Addendum: xa en imprenta estas páxinas, leo na *Voz de Galicia* (30.11.97) o anuncio da publicación do libro de X. L. Méndez Carneiro, *Antela. A memoria asolagada*, Xerais, 1997.